

Para instalar o dicionario en galego os pasos a seguir son:

1. Descargar o arquivo *gl_ES-pack.zip* ao disco duro.
2. Abrir o Writer.
3. Escoller no menú *Ficheiro, Asistentes, Instalar novos dicionarios*.
4. No documento que se abre premer sobre Galego (ou Español¹ se o teu asistente non está traducido ao galego)
5. Premer no botón *Executar DicOOo*.
6. Marcar a opción *“Instalación dun paquete de dicionario xa descargado”*.
7. Premer no botón *Explorar*. Buscar o arquivo descargado no paso 1 no noso disco: *gl_ES-pack.zip*.
8. Premer no botón *Seguinte*.
9. Escoller o idioma *Galician (Spain)*
10. Premer *Seguinte* nas 2 seguintes pantallas.
11. Na pantalla onde aparece a mensaxe *“O asistente descomprimirá os dicionarios seleccionados e instalaraos”*, desmarcar *“Non descomprimir os dicionarios que xa están instalados (non actualizar)”* para que no caso de ter unha versión antiga do dicionario galego a actualice.
12. Premer *Seguinte* e logo *Rematar*.
13. Unha vez finalizado o proceso, pechar o Writer. A seguinte vez que se reinicie xa estará instalado o corrector galego.

¹ Esta referencia ao idioma é só para a interface do asistente de instalación do dicionario, non ten nada que ver co idioma do corrector que se vai instalar. Nas versións actuais do OpenOffice.org non está dispoñible a versión galega deste asistente, pero nas futuras versións xa o estará.